

ANEXO I

PROCEDEMENTO CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ACCIÓNS DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTICOS NA AGRICULTURA/CULTIVOS – Submedida 214.2.4 FEADER	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO D1	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	-------------------------------------	--------------------------------

Nº DE PROTOCOLO^(*)	
--------------------------------------	--

^(*) A encher polo INGACAL

DATOS DO PROXECTO		
DENOMINACIÓN: Divulgación dos contidos das coleccións do banco de xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo mediante a creación dunha base de datos actualizada e accesible a traveso do sitio web do CIAM (www.ciam.es).		
ENDEREZO: Estrada AC-542 de Betanzos a Mesón do Vento Km. 8. 15309 Abegondo (Mabegondo). A Coruña.		
CP: 15309	LOCALIDADE/CONCELLO: Abegondo	PROVINCIA: A Coruña
TELÉFONO: 881 881 800	FAX: 881 881 800	ENDEREZO ELECTRÓNICO: gonzalo.flores.calvete@xunta.es
BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO	<p>No CIAM consérvanse uno dos bancos de xermoplasma mais diversos e amplos de Galicia. Actualmente se conservan 692 variedades autóctonas de millo, 669 accesións de froiteiras (maceiras, pereiras e cerdeiras), 1.500 accesións pertencentes a 23 especies hortícolas, e máis de 1.700 mostras pertencentes a 99 especies pratenses. Recentemente esta colección está sendo profundamente revisada e informatizada para a súa divulgación a traveso do sitio web do CIAM (www.ciam.es). O obxectivo deste proxecto e procurar a transferencia desta información mediante a creación dunha base de datos accesible por internet.</p>	

ANEXO II

PROCEDEMENTO CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ACCIÓNS DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTICOS NA AGRICULTURA/CULTIVOS – Submedida 214.2.4 FEADER	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO D1	DOCUMENTO MEMORIA
---	-------------------------------------	-----------------------------

Nº DE PROTOCOLO^(*)	
--------------------------------------	--

(*) A encher polo INGACAL

DATOS DO PROXECTO		
DENOMINACIÓN: Divulgación dos contidos das coleccións do banco de xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo mediante a creación dunha base de datos actualizada e accesible a traveso do sitio web do CIAM (www.ciam.es).		
ENDEREZO: Estrada AC-542 de Betanzos a Mesón do Vento Km. 8. 15309 Abegondo (Mabegondo). A Coruña.		
CP: 15309	LOCALIDADE/CONCELLO: Abegondo	PROVINCIA: A Coruña
TELÉFONO: 881 881 800	FAX: 881 881 800	ENDEREZO ELECTRÓNICO: gonzalo.flores.calvete@xunta.es
DESCRIBIÓN DO PROXECTO (máximo cinco páxinas)	<p>No CIAM consérvanse uno dos bancos de xermoplasma mais diversos e amplos de Galicia. Actualmente se conservan 692 variedades autóctonas de millo, 669 accesións de froiteiras (maceiras, pereiras e cerdeiras), 1.500 accesións pertencentes a 23 especies hortícolas, e máis de 1.700 mostras pertencentes a 99 especies pratenses. Recentemente esta colección está sendo profundamente revisada e informatizada para a súa divulgación a traveso do sitio web do CIAM (www.ciam.gal). O obxectivo deste proxecto e procurar a transferencia desta información mediante a creación dunha base de datos actualizada e accesible por internet.</p>	
XUSTIFICACIÓN	<p>O desenvolvemento e mantemento dun sistema de documentación é un aspecto de gran importancia dentro dun banco de xermoplasma, para conseguir optimizar o seu funcionamento e mostrar os resultados obtidos ao resto da comunidade científica ou usuarios en xeral. Neste aspecto as novas tecnoloxías e a evolución das redes permiten unha maior e máis eficaz difusión da información existente. Os sistemas de documentación que utilizan os servidores evolucionaron moito nos últimos anos, permitindo a compatibilidade entre o uso de diversos formatos de almacenamento, sobre todo a tecnoloxía PHP que utiliza bases de datos MySQL, a cal considérase unha das linguaxes máis flexibles, potentes e de alto rendemento coñecidos ata o día de hoxe.</p> <p>Na actualidade consérvanse no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) unha serie de coleccións de xermoplasma que representan unha magnífica mostra da biodiversidade dos principais cultivos galegos e tamén doutras especies de diverso interese. Galicia como área de dispersión posúe unha diversidade xenética excepcional adaptada as características singulares e edafoclimáticas das principais zonas de cultivo, e unha gran parte desta diversidade está recollida nos bancos de xermoplasma xestionados polo CIAM, os cales inclúen variedades autóctonas de millo, maceiras, pereiras, cerdeiras, especies pratenses (dáctilo, raigrás italiano, raigrás inglés, festuca, poa, trevos, etc), cereais de inverno como trigo, centeo e avea, e plantas hortícolas de tomate, pemento, cebola e repolo.</p> <p>Actualmente as coleccións de sementes almacenadas atópanse informatizadas en catro bases de datos xestionadas de maneira independente por cada grupo de traballo: base de datos de millo, base de datos de pratenses, base de datos de cereais de inverno e base de datos de hortícolas. Cada unha delas contén os datos de pasaporte e os descritores propios de cada especie. Con todo estas bases de datos aínda non están conectadas entre si, polo tanto sería necesario unir as catro coleccións mediante un campo índice para favorecer un acceso máis preciso á información existente e así poder publicar nunha</p>	

	<p>única base de datos o contido das coleccións mediante unha aplicación web programada en linguaxe PHP que ademais podería ser visualizable nun SIX (sistema de información xeográfica). Dado que os bancos de xermoplasma son entes vivos, e polo tanto en continuo proceso de actualización, esta linguaxe considérase o mais axeitado para visualizar instantaneamente a información, xa que está deseñado especificamente para o desenvolvemento web de contido dinámico. O código é interpretado por un servidor web cun módulo de procesador de PHP que xera a páxina web resultante coa información actualizada das táboas dinámicas manexadas polos investigadores. Por outra banda os datos de pasaporte das coleccións inclúen datos de xeolocalización, co cal poderíase incluír na aplicación o motor de Google Earth ou Google Maps para visualizar nun sinxelo SIX a procedencia das mostras almacenadas cos datos seleccionados. Ao mesmo tempo a base de datos xerada sería perfectamente compatible coas bases de datos do CRF (Centro de Recursos Fitoxenéticos do INIA), co cal sería posible o intercambio directo de información entre esta e outras entidades.</p>
<p>OBXECTIVOS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Creación dunha aplicación web para a difusión do contido das coleccións de xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.
<p>METODOLOXÍA</p>	<p>Os formatos actuais do contido das coleccións están en Microsoft Office Access e en Microsoft Excel. Proponse utilizar un campo índice único para unir todas as bases de datos e utilizar o formato Access compatible co CRF. Tamén incluíríanse datos de caracterización no caso de existir. As bases de datos serían transferidas ao servidor en formato MySQL, e ademais poderían ser modificables en tempo real polos propios investigadores utilizando Access localmente, a condición de que se configuren adecuadamente os accesos, polo tanto a información visualizaríase actualizada instantaneamente. Para o SIX utilizaríase o motor de Google Maps ou Google Earth, xa que mediante un sinxelo algoritmo pódese incluír unha App que mostre a distribución xeográfica das mostras das coleccións. A publicación final realizaríase no sitio web do CIAM (www.ciam.gal).</p>
<p>PLAN DE DIVULGACIÓN</p>	<p>Publicacións:</p> <p>Creación dunha páxina web cos contidos das coleccións de xermoplasma do CIAM. Inclusión do contido das coleccións no sitio web del CIAM (www.ciam.gal)</p>
<p>INDICADORES</p>	<p>Transferencia da información ao sitio web do CIAM (www.ciam.es):</p> <p>ACTUALIZACIÓN DE DATOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 692 accesións de millo - 408 accesións de maceiras, 246 de pereiras e 15 de cerdeiras - 271 accesións de especies hortícolas - 1700 accesións de especies pratenses - 293 accesións de cereais de inverno <p>DEFINICIÓNS DOS CONTIDOS: (Estarán definidos no índice da sección RRF da páxina web do CIAM www.ciam.es)</p> <ul style="list-style-type: none"> • PRATENSES Fichas Técnicas Banco de Sementes • MILLO Ficha Técnica Banco de Sementes • CEREAIS DE INVIERNO

	<p>Ficha Técnica Banco de Sementes</p> <ul style="list-style-type: none">• HORTA Ficha Técnica de Tomates Ficha Técnica de Pementos Ficha Técnica de Cebolas Banco de Sementes• FROITEIRAS Ficha Técnica de Pereiras Ficha Técnica de Maceiras Banco de Sementes
--	---